

## ***Regulamento dos Estudos Oficiais de Posgrao***

### ***Artigo 21.- Premio extraordinario de doutoramento***

As teses de doutoramento defendidas e mantidas na Universidade de Vigo, poderán ser obxecto de mención especial de Premio extraordinario de doutoramento.

Redacción orixinal:

1. Poderase entregar un premio extraordinario de doutoramento por curso académico e por cada cinco teses ou fracción en cada ámbito de coñecemento, lidas entre o 1 de outubro e o 30 de setembro.

Proposta de modificación:

1. Poderase entregar un premio extraordinario de doutoramento por curso académico e por cada cinco teses ou fracción en cada ámbito de coñecemento. As datas exactas que delimiten cada curso académico publicaranse na resolución da correspondente convocatoria de premios extraordinarios de doutoramento.

Modificación aprobada pola Comisión de Estudos de Posgrao na reunión do 6 de Abril de 2010